

Propiedad privada, de Joachim Lafosse



Tít. orixinal: Nue propriété
Ano: 2006
Duración: 92 min.
País: Bélxica
Dirección: Joachim Lafosse
Guión: Joachim Lafosse, François Pirot
Música:
Fotografía: Hichame Alaouie
Reparto: Isabelle Huppert, Jérémie Renier, Yannick Renier, Kris Cuppens, Patrick Descamps, Raphaëlle Lubansu, Sabine Riche, Dick

Tuypens

Produción: coproducción Bélxica-Luxemburgo-Francia

Xénero: drama.

Sinopse: Grazas á posible venda da propiedade familiar, dous xemelgos que xa son maiores deixan á súa nai divorciada e descubren a natureza dos vínculos que os une. A proximidade é insoportable, o illamento imposible; a violencia invade o trío. Celosos e supersticiosos, os fillos prohiben á súa nai vender a casa familiar. Desesperada pola ausencia de liberade, e animada polo seu amante, a nai deixa a propiedade. Ao longo da súa ausencia, o careo entre os xemelgos estalla.

CRÍTICA, por Miguel A. Delgado

(tomado de <http://www.labutaca.net>)



Isabelle Huppert tense convertido, co paso dos anos, nunha xigante que enche absolutamente calquera película na que aparece. Si en "Borrachera de poder" a súa construción da personaxe estaba a anos luz de todo o que a rodeaba, en "Propiedade privada" volve a suceder o mesmo... co problema de que, ao fin, Joachim Lafosse non é Claude Chabrol, quen a bo seguro tería sacado petróleo e bastantes máis connotacións a un relato coma este.

A historia que nos narra a cinta (a de Pascale, unha nai divorciada que vive cos seus dous fillos mozos nunha gran casa rural belga e que, farta de ter que depender deles, considera vender para financiarse un negocio que lle permita ser autónoma, o que desencadea a oposición dos seus fillos, especialmente a dun deles) descansa toda a súa forza no antagonismo entre as tres personaxes principais, e que previamente se nos mostraron convivindo cun grao de intimidade pasmosa. A planificación de Lafosse – baseada nun plano fixo e sostido, ausencia de música e unha austeridade extrema – busca literalmente pechar ás personaxes na pantalla, obrígalas a convivir nun espazo que remata sendo asfixiante incluso para o espectador, e onde non queda outro opción que esperar que a tensión estalle, porque non hai ningunha espita pola que esta poida escapar.

O problema é que, ao renunciar a outros recursos para transmitir esta tensión, Lafosse ten que confíalo todo ao carisma e capacidade dos seus actores. E aquí hai que dicir que, cando Isabelle Huppert desaparece do plano, el pulso reláxase. Son excelentes todas as escenas nas que a vemos cos seus fillos, e os seus enfrontamentos co rebelde Thierry (Jérémie Renier), totalmente increíbles. Pero nos momentos nos que ela non está, e a tensión se establece unicamente entre os dous irmáns (que o son tamén na vida real), a cinta non funciona da mesma forma, o que interrompe a maduración da traxedia e fai que, a pesar de que a película dure exactamente a máxica (e tan escasa

hoxe en día) hora e media, o espectador teña a sensación de que a historia podería terse contado en menos tempo.



Sen embargo, Lafosse demostra ter dotes coma director ao suxeitar con firmeza unha narración que en calquera momento podería ter descarrilado cara o dramón ou a traxedia extrema. Pero iso non pode ser cando se conta cunha actriz da experiencia, sobriedade e dominio dos recursos como Huppert, que coa mesma economía de medios coa que se pode converter nunha muller fría como o xeo, constrúe a que aquí aparece soa, fráxil, superada polos acontecementos e consciente de que as oportunidades de poder aínda gozar da vida se lle escapan entre os dedos. E a iso non axuda tampouco certa indefinición de algunha personaxe que debería ser esencial na trama, pero que aquí teñen un comportamento pouco definido, que pasa, sen demasiada explicación, da determinación máis absoluta á rendición. E o que sucede con Jan (Kris Cuppens), o home co que Pascale aspira a vivir e manter un negocio xuntos, que debería ser clave pero que abdica axiña do seu papel nos acontecementos.

En suma, unha boa película, que si ben non ofrece todo o que en potencia contén no seu interior, si entrega momentos de bo cine. E en todos eles, téñano seguro, estará a Huppert, un valor seguro nos tempos que corren.

